

PRESENTACIÓN DA MATERIA	
 I.E.S. PERDOURO	MATERIA: FRANCÉS
	CURSO: 4º ESO
PROFESORA: Karina Parga Chao	CURSO 2016-2017
CONTIDOS:	
Os contidos correspóndense as 8 unidades no libro de texto de 4º de ESO <i>Facile! 4</i> de SGEL.	
OBXECTIVOS:	
A comunicación en francés será o noso obxectivo principal, facendo maior fincapé nas destrezas de comprensión e expresión orais. O alumno/a esforzase ao máximo posible en empregar a lingua francesa para expresarse coa maior soltura posible e de maneira máis correcta nas seguintes destrezas: falar, comprender, escribir e ler. Para aprender un idioma o alumno/a non debe temer cometer pequenos erros se, a cambio, logra comunicar as súas ideas.	
ESTANDARES DE APRENDIZAXE:	
O alumnado deberá acadar o grao mínimo de 50% para cada estándar de aprendizaxe.	
METODOLOXÍA:	
A metodoloxía que se desenvolverá durante o curso será activa e favorecerá a aprendizaxe construtiva por parte do alumno mediante a axuda da profesora pero tamén mediante a chegada ao coñecemento dos contidos dunha forma autónoma grazas ás prácticas procedementais. Para favorecer a adquisición desta nova lingua realizaranse actividades variadas: <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: escoitas de diálogos, sacar a información global. - Comprensión escrita: lecturas de textos curtos, sacar unha información global. - Expresión oral: exercicios de fonética, cancións, respostas curtas. - Expresión escrita: ortografía, redactar un texto curto. MATERIAL: Libro de texto + Caderno de actividades + libreta de Francés. (Libro de lectura por decidir.) PARTICIPACIÓN EN CLASE: Para unha aprendizaxe satisfactoria é esencial a participación activa do alumno/a, xa que será valorada regularmente. TAREFAS PARA CASA: A aprendizaxe dun idioma necesita unha práctica constante, por iso é necesario dedicar ao francés tódolos días polo menos 15-20 min. para repasar a lección ou facer os exercicios.	
SISTEMA DE AVALIACIÓN:	
Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación e inclúe o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais.	
Cálculo da nota de cada avaliación:	
A nota da avaliación será o resultado das cualificacións obtidas nos seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> - A media dos probas escritas (exames de cada unidade) : 50% Non se fai media cunha nota inferior a un 4 nun dos exames. (2 exames por trimestre aprox.). Neste suposto o alumno/a terá que, mediante unha proba de recuperación despois de cada avaliación, recuperar unicamente o/os exame(s) suspenso(s) da avaliación. - A media das actividades de clase (o traballo e a participación), a realización dos deberes entregados en prazo, valorando sempre os avances positivos e o esforzo: 40% - O caderno de clase, a actitude e asistencia co material en clase: 10% Os aspectos a valorar serán a toma de apuntes de clase, o seguimento da realización e corrección dos exercicios de clase, a limpeza e a boa presentación. En canto á actitude, tódolos alumnos partirán dun dez e perderán dous puntos cada vez que demostren unha falta de interese (non realizar os exercicios da clase ou da casa) ou necesiten unha chamada de atención polo seu comportamento. Á hora de calcular a nota media da avaliación, terase en conta un redondeo á baixa por incumprimento do prazo de entrega dos traballos, comportamento negativo, falta de interese e actitude incorrecta con respecto á profesora e compañeiros de clase. E polo contrario sempre e cando a actitude sexa boa procederase ao redondeo a alza.	
Cálculo do nota final:	
A nota final do curso, será a media entre as notas das tres avaliacións e valorando a progresión positiva dos alumnos ao longo do curso.	
Exame extraordinario de setembro:	
O alumno que non superou o aprobado en xuño examínase da materia na súa totalidade.	

Burela, a 15 de setembro de 2016

Asdo: Karina Parga Chao